

## Unidade 07. A nosa localidade

Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_ Data: \_\_\_\_\_

### Comprensión lectora

Todos os días, un pastor mandaba o seu fillo pastar coas ovellas.

—Xa sabes que temos poucas ovellas —dicialle—, non podemos perder nin unha soa, así que vixías cos teus cinco sentidos. E se ves o lobo, berra tan forte como poidas, e a vila enteira irá na túa axuda.

O pastorciño pasaba os días deitado sobre a herba do prado mentres as ovellas pastaban.

«Isto é un aburrimto», dicía. «Oxalá aparecese o lobo! Así divertiríame un pouco!».

Un bo día ocorréuselle unha idea. Púxose de pé e comezou a berrar:

—Que vén o lobo!

Ao oír os berros, as xentes da vila colleron uns garrotes e botaron a correr cara ao prado. Cando chegaron, non podían coa alma.

—Onde está o lobo? —preguntáronlle.

—Aquí non hai ningún lobo! —respondeu o rapaz escachando coa risa ao velos asustados—. Non era máis ca unha broma.

—Escoita paifoco —reprendeulle o panadeiro—. Temos cousas máis importantes que facer que vir correndo para que nos tomes o pelo. Que sexa a última vez que chaceas con cousas tan serias.

O rapaz prometeulle ao seu pai que nunca volvería mentir. Pero uns días máis tarde, volveu facer o mesmo. E os aldeáns quedaron escarmentados.

Ao día seguinte cando pastaban as ovellas, apareceu unha sombra negra que acochaba o rabaño e comezou a berrar:

—Que vén o lobo!

Pero agora ninguén acudiu na súa axuda, e o lobo devorou unha ovella nun pis pas.

*Ninguén cre un mentireiro.*

Fábulas de Esopo (adaptación)



## 1. Responde as preguntas.

- Cal é o traballo do pastorciño?

---

- Por que é tan importante que preste moita atención ás ovellas?

---

- Por que se enfadaron os aldeáns?

---

## 2. Ordena as seguintes oracións segundo ocorran na lectura.

- Os aldeáns corren cara ao prado.
- O pastorciño pasaba os días deitado no prado.
- O lobo devorou unha ovella nun pis pas.
- O pastorciño berra «Que vén o lobo!».

## Unidade 07. A nosa localidade

Nome: _____ Curso: __ Data: _____
-----------------------------------

Coñecemento da lingua

### 3. Completa o cadro.

Palabra	Diminutivo	Aumentativo
Cabeza		
	Rapaciño	
		Casona
tomate		

### 4. Subliña os aumentativos da seguinte serie de palabras.

balonazo    brazo  
zapatón    ollazo    balcón  
cullerón

## Unidade 07. A nosa localidade

Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_\_ Data: \_\_\_\_\_

Coñecemento da lingua

### 5. Subliña en cada caso os diminutivos.

cazo caciño cazola

vaso vasiño vasazo

muller mulleriña mullerona

## Unidade 07. A nosa localidade

Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_\_ Data: \_\_\_\_\_

### Literatura

#### 6. Le atentamente e contesta as preguntas.

Era unha vez en Catar  
un pescador de ribeira  
que lle tiña medo ao mar  
e acostumaba pescar  
no lavabo e na bañeira.

Comodamente sentado  
sobre a billa da auga quente  
navegaba a todo trapo  
e coa cortina do baño  
poñía rumbo a poñente.



• Cando os versos dun poema rematan igual dicimos que \_\_\_\_\_.

• Escribe as últimas palabras da primeira estrofa.

- \_\_\_\_\_
- \_\_\_\_\_
- \_\_\_\_\_
- \_\_\_\_\_

#### 7. Agrupa as palabras que riman.

\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_